



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

---

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 17 de agosto de 2017  
**Hora de comezo:** 14.15 h  
**Hora de remate:** 14:35 h

### **ASISTENTES:**

Don Manuel Fernández Munín  
Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Don Jesús Sanjuás Mera

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora accidental, dona Adela Lamela Arteaga, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Arquivo expediente de limpeza no lugar de A Pena – Loureda**
- 3. Concesión licenza de tenza de animal potencialmente perigoso**
- 4. Liquidación achegas 2016 e estimación 2017, “Transporte Metropolitano de Galicia”**
- 5. Aprobación das bases e prezos públicos das actividades físicas e deportivas para adultos 2017/2018**
- 6. Aprobación de facturas**
- 7. Rogos e preguntas**

### **DELIBERACIÓNS**

#### **1.Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 3 de agosto do 2017

## **2.Arquivo expediente de limpeza no lugar de A Pena – Loureda**

Con data 5 de xullo do 2017 co número de entrada 1444/2017, don Santiago xxxxx presenta escrito no concello de Boqueixón solicitando a limpeza de finca que está preto da súa vivenda no lugar de A Pena xxxxx, Loureda.

Manifesta que a citada finca está con abundante maleza e solicita a súa limpeza para evitar o risco de incendio

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da parcela con abundante maleza.

Compróbase que na parcela con referencia catastral número 000901300NH44F0001ZW, lugar de Pena xxxxx, figura como titular don Manuel xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 6 de xullo do 2017 acordouse requirir ó propietario actual da parcela número con referencia catastral número 000901300NH44F0001ZW, lugar de Pena xxxxx, don Manuel xxxxx, para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza existente.

Déuselle trámite de audiencia.

*Según informe do técnico municipal do 11 de agosto do 2017: “Feita inspección técnica no lugar de A Pena - Loureda, compróbase que preto da vivenda de don Santiago xxxxx, procedeuse coa limpeza da maleza existente.*

*Dita parcela obxecto de limpeza ten a referencia catastral número 000901300NH44F0001ZW, do lugar de Pena xxxxx.*

*Non existe risco de incendio e de insalubridade*

*Axúntase reportaxe fotográfico”.*

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra don Manuel xxxxx, propietario da parcela con referencia catastral número 000901300NH44F0001ZW, lugar de Pena xxxxx, por proceder o mesmo co traballo de limpeza de maleza existente.
2. Comunicar o acordo ós interesados.

## **3.Concesión licenza de tenza de animal potencialmente perigoso**

O 18 de xullo de 2017 co número de entrada 17/1564 don Francisco xxxxx solicita licenza administrativa para a tenza dun animal potencialmente perigoso, en concreto para a tenza dun can american standforshire, con data de nacemento 01-03-2016, macho, cor marrón e branco, sen signos particulares, código de identificación 941000019908546 no lado esquerdo do pescozo e con destino, animal de compañía.

Sinala igualmente que o animal atópase residindo dentro da vivenda ubicada en rúa xxxxx, Lestedo, Boqueixón (domicilio do propietario)

Acompáñase a seguinte documentación:

- Certificado psicotécnico efectuado a don Francisco xxxxx, de data 7 de xullo do 2017, que o capacita como apto para obter a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos.
- Copia compulsada do DNI de don Francisco xxxxx.
- Información do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, en donde consta a non existencia de nota penal a nome de don Francisco xxxxx os efectos da tenza de animais potencialmente perigosos (orixinal).
- Certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sinalando que don Francisco xxxxx, non foi sancionado por infraccións graves ou moi graves, de acordo co sinalado no apdo 3 artigo 13 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico de animais potencialmente perigosos.
- Certificado do seguro de responsabilidade civil, de Terranea 2000 correduría de seguros SL, nº de póliza 2000947/18J71024446 a nome de don Francisco xxxxx, en relación co can american standforshire, nº de microchip 941000019908546.
- Copia da cartilla sanitaria do citado can.
- Xustificante do ingreso da taxa, por importe de 30,00 euros, en concepto de “taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza por tenza de animais perigosos.

Examinado o expediente á vista da documentación presentada e de acordo co disposto na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, a Xunta de Goberno acorda :

1. Conceder licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a don Francisco xxxxx, como propietario do animal que se identifica como can american standforshire, con data de nacemento 01-03-2016, macho, cor marrón e branco, sen signos particulares, código de identificación 941000019908546 no lado esquerdo do pescozo e con destino, animal de compañía.
2. A presente licenza terá unha vixencia de cinco anos, polo que deberá ser renovada á finalización do citado prazo.
3. Notificar este acordo ó interesado.

#### **4.Liquidación achegas 2016 e estimación 2017, “Transporte Metropolitano de Galicia”**

Con data de saída do 13 de xullo de 2017 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, remite informe do Transporte Metropolitano de Galicia, con entrada neste concello o 20 de xullo, coa estimación da achega para 2017 e liquidación da achega 2016, no cal se deduce que existindo superávit na achega 2016 por importe de 2.704,56 € e dado que a estimación para 2017 é de 8.149,99, o importe resultante a ingresar é de 5.445,44 €, polo que a Xunta de Goberno ACORDA:

1. Aprobar o ingreso por importe total de **5.445,44 €** en concepto de “Transporte Metropolitano-Achegas 2016-17”.
2. Dar traslado deste acordo á Tesourería Municipal para proceder a este ingreso.
3. Remitir copia do xustificante de ingreso á Dirección Xeral de Mobilidade.

## 5.Aprobación das bases e prezos públicos das actividades físicas e deportivas para adultos 2017/2018

Vista a “Ordenanza reguladora dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidas polo Concello de Boqueixón nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais” aprobada no Pleno ordinario do día 14 de marzo de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º) Aprobar as seguintes bases para as actividades previstas na programación de actividades físicas e deportivas para adultos 2017/2018:

- **Inscripcións:**

\*As inscricións realizaranse no departamento de cultura ([cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com)) como mínimo 5 días antes do comezo da actividade.

\*Requírese un grupo mínimo de 10 participantes/grupo e un máximo a determinar según actividade. No momento que o grupo quede reducido a menos de 10, anularase a actividade.

\*Prazas limitadas con preferencia dos empadroados en Boqueixón.

\*Poderán participar menores con idades comprendidas entre os 16 e os 18 anos, con autorización paterna.

- **Duración:**

\*Do 1 de setembro 2017 ao 29 de xuño de 2018.

\*Os días de actividade serán de luns a venres, agás festivos.

- **Pagamento:** Realizarase con carácter bimestral mediante domiciliación bancaria (agás ximnasia de maiores que será un só pago en efectivo nos primeiros quince días da actividade e bailes de salón).

\*En caso de devolución do recibo os gastos bancarios correrán por conta do titular.

\*Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

- **Baixas:** Deberán presentarse por escrito no dpto. de cultura ([cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com)) antes do día 20 do mes anterior.

O concello resérvase o dereito de efectuar modificacións de lugares de actividade, instalacións, horarios, profesores,... según considere necesario.

2º) Aprobar os prezos públicos para as seguintes actividades :

- Kinck boxing: 10 €/mes

- Pilates e zumba: 15 €/mes

- Ximnasia de maiores: 25 €/tempada (2 días/semana)  
15 €/tempada (1 día/semana)

## 6.Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que serán aboadas con cargo ó exercicio orzamentario do ano 2017 por un total de 70.548,39 euros:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Liquidación de gastos de Yolanda Neira Cristobo – material para actividades de verán activo: taller de cociña e manualidades	334.22609	26,08
2	Ascensores Enor, SL – Mantemento ascensor casa do concello mes de agosto	920.21300	78,23
3	Ascensores Enor, SL – Mantemento ascensor CPI Antonio Orza Couto mes de agosto	920.21300	78,23
4	Galicia Eventos y Ocio SL – Servizo de socorrismo dos días 24 e 25 de xuño e 4 e 5 de xullo para correcto funcionamento piscina por proceso contratación socorrista	341.22609	459,80
5	Autocares Rías Baixas, SL – Servizo desprazamento participantes programa Goza do Ulla – ( Codeso – Ponteledesma) o día 8 de xullo	924.22699	100,00
6	Atendo Calidade, SL – Servizo dependencia mes de xullo	231.22799	28.214,68
7	Atendo Calidade, SL – Servizo libre concorrencia mes de xullo	231.22799	1.986,95
8	Comercial M. Lata,SL – Subministro material para servizo abastecemento de auga	161.22199	222,87
9	Gas Natural Servicios SDG, SA – Subministro enerxía eléctrica mes de xuño da ETAP de Orto	161.22100	8.655,59
10	Gas Natural Servicios SDG, SA – Subministro enerxía eléctrica do día 2 de xuño ó 1 de xullo do Bombeo de Donas	161.22100	1.551,06
11	Editorial Compostela, SA – Publicidade segundo convenio asinado e aprobado na X.de G. do día 2 de febreiro de 2017	920.22602	2.088,46
12	Vázquez y Garzón, SL – Lavado e desinfección de contedores segundo presuposto aceptado	162.1.22799	4.835,60
13	Ferreca, SA – Subministro para servizo de abastecemento de auga potable	161.22199	241,92
14	David Fernández Neira- Servizo actividades deportivas do mes de maio <u>(Esta factura anula á aprobada polo mesmo concepto na Xunta de Goberno do día 2 de agosto que estaba emitida incorrectamente)</u>	341.22609	1.756,92
15	Via da Prata – Botellas de auga servidas na cerimonia do lume sagrado do Pico Sacro	334.22609	50,00
16	Talleres Sánchez Rey, SC – Arranxo pa retroescavadora	153.2.213.00	420,49
17	Autocares Rías Baixas, SL – Aluguer autobús para transporte participantes campamento – intercambio Ibiza – con cargo a ingresos	334.22300	175,00
18	Compostela Digital, SL – Instalación ordenador traballadora servizo turismo	920.21300	26,72
19	Autoeléctrico Sergude, SC – Reparación piso camiión do lixo	162.1.21300	83,34
20	Autoeléctrico Sergude, SC – Substitución batería vehículo Fiat 1600 GZL	135.21300	113,04
21	Pazos y Vieiro, SL – Bata branca para servizo abastecemento	161.22199	18,15
		Importe	51.183,13

A continuación transcribíense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2017

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
22	Correos y Telégrafos – Servizo de correos mes de xullo	920.22201	475,65
23	Orange España, SLU – Servizo de telefonía mes de xuño	920.22200	1.276,05
24	Estudio Técnico Gallego, SA – Asistencia técnico urbanística mes de xullo	151.22706	1.948,54
25	Compostela Digital, SL – Mantemento informático mes de xullo	920.21600	592,22
		Importe	4.292,46

## **Aprobación de facturas con cargo a subvencions**

Servizo de socorrista piscina municipal

Deputación da Coruña

Importe: 4.000 euros

Partida: 341.143.00

Núm.	Proveedor	Importe
1	Galicia Eventos y Ocio, SL – Servizo de socorrismo mes de xullo	1.996,50

Plan PAS 2015

Proxecto: Melloras no campo de fútbol do Forte e outro

Importe: 36.058,06 euros

Deputación da Coruña

Partida presupostaria: 933.619.01

Núm.	Proveedor	Importe
1	Hnos. Couto Fandiño, SL – Colocación da rede de seguridade de nylon para o peche perimétrico do campo de fútbol do Forte	10.224,50

Plan POS 2016

Proxecto: Camiño do cruceiro de Pousada a campo de festa e outros

Importe: 36.058,06 euros

Deputación da Coruña

Partida presupostaria: 153.2.600.00

Núm.	Proveedor	Importe
1	Talleres Sánchez Rey,SC – Arranxo desbrozadora Orsi - tractor	1.760,67
2	Talleres Sánchez Rey,SC – Arranxos varios en maquinaria de desbroce	529,23
3	Talleres Sánchez Rey,SC – 200 cuchilas para desbrozadora Rousseau	471,90
	Total	2.761,80

## **7. Rogos e Preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria accidental

Visto e prace

O alcalde